

PLENO

**ACTA 2020/09 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 30/07/2020**

No salón de actos da Casa do Concello , ás 9:30 horas, coa asistencia de:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde (PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa coma secretario accidental do Pleno o Interventor da Corporación Félix Carrasco del Pozo, en substitución do titular D. Federico Suárez Cancelo ausente por difrute de vacacións.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 28.05.2020. Acta 05/2020.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria urxente do 08.06.2020. Acta 06/2020.

1.3.-Acta da sesión extraordinaria do 15.06.2020. Acta 07/2020.

1.4-Acta da sesión extraordinaria do 02.07.2020. Acta 08/2020

II PARTE DE CONTROL

2.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 586/2020 do 22.05.2020 ata o 861/2020 do 24.07.2020.

PLENO

3.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 22.05.2020 ata o 24.07.2020.

4.-Mocións dos Grupos municipais.

5.- Rogos e preguntas.

Seguidamente o alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 28.05.2020. Acta 05/2020.

LOGO DE VER a minuta da acta 2020/05, ábrese unha quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; 2 de OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 28.05.2020. Acta 05/2020.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 05/2020 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 08.06.2020. Acta 06/2020.

LOGO DE VER a minuta da acta 2020/6, ábrese unha quenda de intervencións.

PLENO

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; 2 de OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 08.06.2020. Acta 06/2020.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 06/2020 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

1.3.-Acta da sesión extraordinaria do 15.06.2020. Acta 07/2020.

LOGO DE VER a minuta da acta 07/2020, ábrese unha quenda de intervencións.

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; 2 de OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 15.06.2020. Acta 07/2020.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 07/2020 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

PLENO

1.4.-Acta da sesión extraordinaria do 02.07.2020. Acta 08/2020

LOGO DE VER a minuta da acta 08/2020, ábrese unha quenda de intervencións.

Don José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o seu grupo vai a votar en contra da acta tendo en conta que votou en contra do acordo tomado na sesión.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: once (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; e 1 do BNG);

Votos en contra: dous (2 OR);

Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 02.07.2020. Acta 08/2020.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 08/2020 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

II PARTE DE CONTROL**2.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 586/2020 do 22.05.2020 ata o 861/2020 do 24.07.2020.**

Dáse conta por parte da Alcaldía dos decretos ditados desde a derradeira sesión ordinaria e que van desde o nº 586/2020 do 22.05.2020 ata o 861/2020 do 24.07.2020 que estiveron a disposición dos concelleiros da corporación desde a convocatoria da sesión plenaria.

3.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 22.05.2020 ata o 24.07.2020.

Dáse conta por parte da Alcaldía dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 22.05.2020 ata o 24.07.2020 que

PLENO

estiveron a disposición dos concelleiros da Corporación desde a convocatoria da sesión plenaria.

Nº	Data	Asunto
1	04/05/2020	APROBACIÓN DE RELACIÓN DE FACTURAS DE EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR 2020/01
2	23/06/2020	PAGO GRATIFICACIÓN POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DO SERVIZO NA CABALGATA DE REIS
3	01/07/2020	Contratación de persoal (dous peóns forestais) ao amparo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2020.

4.-Mocións dos Grupos municipais.

4.1.-Moción presentada polo Grupo Municipal do PP para solicitar o Adecentamento da Área Recreativa do Refuxio.

Dase conta pola Alcaldía da seguinte moción presentada polo Grupo Municipal do PP, que transcríbese literalmente:

“Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de Oroso ADECENTAMENTO ÁREA RECREATIVA DO REFUXIO

Alcalde - Presidente do Concello de Oroso

COMPARECE:

D. Alexander Doval Expósito, con DNI: 45848411-G e domicilio a efectos de notificación en Camiño da Presa, 1-3, Sigüeiro - Oroso e en calidade de Concelleiro-Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular e en nome dos membros do mesmo, ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicita que se eleve ao próximo Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A área recreativa do Refuxio, á que se accede desde Sigüeiro e a parroquia compostelá da Barciela, é unha gran descoñecida para gran parte da poboación non só do noso concello, senón do conxunto da área de Santiago. O descoñecemento é tal que nin figura mencionada no Plan Director de zonas verdes e espazos públicos do Concello de Santiago que foi dado a coñecer en 2016, a pesar de ser un dos puntos principais no río Tambre, un itinerario incluído na

PLENO

Rede Natura como Lugar de Interese Comunitario polos seus especiais valores ambientais e patrimoniais da Xunta de Galicia.

Esta área recreativa está situada nunha fermosa insua, á que se accede a través de dúas estreitas pontes que a comunican cos concellos de Oroso e Santiago.

O lugar, próximo a unha gran tosta e cunhas condicións naturais moi axeitadas para o baño, dispón de varios puntos para cociñar á grella, unha fonte, mesas e bancos para uso público. Aínda que estes elementos estean na actualidade nun estado aceptable, precisarían dalgún retoque. E sería preciso arranxar os puntos de conexión das pontes que dificultan a desexable accesibilidade para persoas con problemas de mobilidade e tamén as propias pontes que a día de hoxe incumpren a normativa de seguridade para este tipo de elementos.

A conservación e mantemento deste lugar non pode limitarse exclusivamente á corta da herba cada ano, senón que debe estenderse a outros elementos que co paso do tempo demandan unha maior atención. Sería necesario levar a cabo unha actuación branda, respectuosa cos valores naturais da contorna, para regularizar o solo —na illa existen marcados desniveis e mesmo algunha burata de grandes dimensións- e tamén se podería contemplar a posibilidade de facer unha achega de pelouros na zona de praia para ampliar e mellorar o acceso á auga (aínda que por causa das enchentes fora necesario repoñela cada ano, como acontece coa area que se emprega en praias urbanas). A maiores, tamén faría falta recuperar o pasal con bloques de cantería que conecta a illa coa caseta instalada para o persoal de socorrismo que nos últimos anos presta servizo no verán, financiado pola Xunta de Galicia.

Por último, despois de acometer as melloras necesarias, propónse articular algunha iniciativa para dar a coñecer e poñer en valor esta paraxe, a través dunhas xornadas de actividades nas súas ribeiras ou itinerarios ciclistas ou peonís, así como unha mellora na sinalización específica —tal e como se comentou- que facilite o acceso.

En definitiva, non se trata de acometer ningunha gran actuación, senón de realizar unhas melloras concretas, perfectamente asumibles, para complementar e potenciar o valor ambiental deste enclave, para goce da veciñanza dos dous concellos que desde sempre manteñen unha estreita vinculación que é preciso conservar e, se cabe, reforzar.

PLENO

É por iso que esta iniciativa propón unha liña de colaboración entre as dúas administracións locais (Oroso e Santiago) directamente vinculadas con esta área natural para acceder ás axudas que para este fin convocan, tanto a Xunta de Galicia como a Deputación da Coruña, entidades que adoitan primar as accións de cooperación á hora da súa concesión.

En base a todo o anterior o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se adopte o seguinte ACORDO:

- 1. Levar a cabo traballos de conservación, mellora e mantemento na Área recreativa da illa do Refuxio, no curso do río Tambre, axeitándoa para o baño e o lecer.*
- 2. Dirixirse ao concello de Santiago de Compostela para, de forma conxunta, solicitar do Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia a súa colaboración económica para afrontar as actuacións precisas que permitan o goce público de forma cómoda e segura, coa salvagarda da protección ambiental do lugar.*
- 3. Planificar unha mellora da sinalización e difusión desta área natural, e estudar a posibilidade de celebrar distintas actividades que teñan como centro as dúas ribeiras do Tambre para difundir o coñecemento e valoración deste singular enclave natural.*

”

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que por indicación da Secretaría a solicitude non pode ser tratada coma Moción e seres obxecto de votación xa que logo contén acordos de contido económico que teñen que ser obxecto dun expediente, polo que vaiselle dar tratamento de Rogo.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que esta moción foi presentada no Concello de Santiago sen problemas e que en todo caso é convinte fomentar a cooperación co concello de Santiago.

O Sr. Alcalde resposta que o concello xa fixo a súa parte acometendo unha importante inversión e que fai o que pode tendo en conta os roubos e o vandalismo e que en todo caso asume o compromiso de impulsar a actuación co concurso do Concello de Santiago, a Xunta e a Diputación.

PLENO

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) que agradece a moción presentada polo PP e afirma que aínda que a illa pertence a Santiago, este concello non manifesta interese no seu mantemento e que polo tanto o concello de Oroso debe tomar a iniciativa, xa que logo estima que o estado do mobiliario non é axeitado, así coma deberíase recuperar o Festival Folclórico e a vía pararela ao río para o lecer dos veciños.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) amósase de acordo en levar adiante a iniciativa.

Vota a tomar a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) que di que a Deputación igual que subvenciona aos concellos con costa para mantemento de praias, debería subvencionar aos concellos fluviais.

4.2.-Moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a non apropiarse do recursos das Entidades Locais (Remanentes).

Dase conta pola Alcaldía da seguinte moción presentada polo Grupo Municipal do PP, que transcríbese literalmente:

“ Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de Oroso

INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS (REMANENTES)

Alcaide - Presidente do Concello de Oroso

COMPARECE:

D. Alexander Doval Expósito, con DNI: 45848411-G e domicilio a efectos de notificación en Camiño da Presa, 1-3, Sigüeiro - Oroso e en calidade de Concelleiro-Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular e en nome dos membros do mesmo, ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicita que se eleve ao próximo Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos

PLENO

casos ás decisións tornadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)-e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos

PLENO

veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.

2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitirálleos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivament naquel íons que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

PLENO

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade.

En base a todo o anterior o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se adopte o seguinte ACORDO:

1. *O compromiso do Concello de Oroso, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.*

2. *O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.*

Instar o goberno de España a:

3. *Respectar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.*

4. *Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoher do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.*

PLENO

5. *Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.*

6. *Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.*

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e a Xunta de Goberno da FEMP.”

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que esta moción ten por obxecto instar ao Goberno de España a respectar a autonomía local recollida na Constitución, e que se lles permita aos concellos gastar o Remanente Líquido de Tesouraría e que se flexibilice a Regra de Gasto.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que este un problema do bipartidismo que existe tanto a nivel estatal coma autonómico e que a solución no depende dos concellos.

O Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

Toma a palabra dona Isabel Fernández Gallego (BNG) que di que este é un problema que se arrastra dende a Lei Montoro, e que se debería deixar aos concellos gastar os seus recursos porque son maiores de idade.

A continuación intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) e di que no fondo o seu grupo amósase de acordo coa moción, pero non pode apoiala porque estima que a Exposición de motivos é tramposa xa que logo da a entender que o Goberno de España non puxo diñeiro, cando este puxo as axudas dos ERTES, para autónomos, etc. e non fai referencia para nada nas competencias impropias que teñen que

PLENO

asumir os concellos sen financiamento axeitado da Xunta de Galicia, e propón a unificación da moción ca presentada polo seu grupo polo mesmo asunto.

Volta a tomar a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) e di que a lei Montoro foi necesaria no seu momento, xa que logo a situación económica de moitos concellos era moi mala, pero que agora a situación é distinta polo que se debe permitir gastar aos concellos o Remanente. Respecto a oferta de modificar a moción do grupo (PSdeG-PSOE), resposta que entende que non lle guste a Exposición de motivos pero que a súa moción xa levaba presentada bastante tempo, polo que se quixeran negociar unha modificación tiveron tempo de sobra para propoñelo, tendo en conta que a moción presentada polo PSdeG-PSOE sobre o tema non se lles trasladou ata o último momento.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) para afirmar que é unha obriga dos concellos maximizar o emprego dos fondos municipais.

Pecha o turno de intervencións o Sr. Alcalde que afirma que a lei Montoro foi necesaria polo despilfarro do Goberno de España e das Comunidades Autónomas pero que non se pode tratar igual a quen ten un Remanente positivo que a quen fai as cousas mal.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: Catro (4 do PP).

Votos en contra: Sete (6 do PSdeG-PSOE; e 1 do BNG).

Abstencións: dúas (2 de OR) rexeita adoptar o acordo contido na moción presentada polo Grupo Municipal do PP anteriormente transcrita.

4.3.-Moción presentada polo grupo municipal Oroso Renovable para agradecer ao Grupo Puentes y Calzadas manter a sede social no concello de Oroso.

Dase conta pola Alcaldía da seguinte moción presentada polo Grupo Municipal de Oroso Renovable, que transcríbese literalmente:

“MOCIÓN DEL GRUPO POLÍTICO OROSO RENOVABLE DE AGRADECIMIENTO AL GRUPO PUENTES Y CALZADAS DOMICILIADO EN NUESTRO AYUNTAMIENTO PARA INCLUIR EN EL PLENO ORDINARIO DEL 30 DE JULIO.

PLENO

Exposición de motivos

Fundada en 1977 en A Coruña, Grupo Puentes comenzó su trayectoria con un grupo local de 50 profesionales. Herederos de su primera obra, el puente de Rande, con gran esfuerzo y determinación demostraron que pronto iban a ser una empresa destacada en el sector.

Más de cuarenta años después Grupo Puentes es un grupo empresarial que cuenta con un equipo internacional de más de 500 profesionales y más de 1.000 obras presentes a lo largo de 11 países.

Desde su origen, la misión de Grupo Puentes ha sido construir puentes y viaductos que sean ejemplos para las futuras generaciones. Para ello ha desarrollado su ética empresarial y filosofía corporativa basándose en los siguientes objetivos: la seguridad, la constante innovación, la búsqueda de la excelencia técnica, la satisfacción del cliente, la formación y la motivación continua del capital humano, así como la preocupación por el medio ambiente.

A lo largo de su extensa trayectoria empresarial las decisiones estratégicas de Grupo Puentes se han fundamentado en su código de conducta, que se guía por el compromiso con la gestión responsable, la prudencia financiera, la calidad y la transparencia en todas sus actividades.

La internacionalización y la apertura a los mercados son, probablemente, los cambios más importantes experimentados por Grupo Puentes en los últimos años. Este proceso ha tenido su reflejo en la creciente proyección exterior de su tejido empresarial, de forma que la vertiente internacional ha pasado a formar parte relevante de la estrategia del Grupo, por lo que es una prioridad en los próximos años continuar con los esfuerzos que amplíen y consoliden la perspectiva internacional en la estrategia y la gestión.

En el año 2007 toma relevancia la apuesta por la expansión, teniendo como prioridad en esta etapa el desarrollo de la cultura internacional dentro de la empresa, adquiriendo el know how local de los mercados fijados como objetivo.

Más tarde en el 2010 se producen las primeras adjudicaciones importantes en Rumanía y Namibia y desde entonces la empresa ha experimentado una gran transformación estratégica, cuya apuesta por

PLENO

la diversificación ha conseguido posicionar a Grupo Puentes en el mercado internacional de la ingeniería y construcción.

Esta expansión, se afianzó en el 2012 con la obtención de importantes adjudicaciones en Polonia, Angola, EE.UU. y Ecuador.

Actualmente, Grupo Puentes continúa consolidando su presencia en otros países, tales como Panamá y Costa Rica.

Los resultados obtenidos avalan la creciente importancia de la cooperación empresarial y la inversión exterior en el acceso y consolidación en los mercados mundiales.

Los recientes cambios en el accionariado del grupo Puentes con la adquisición de dos tercios del accionariado por parte de la compañía China Road & Bridge Corporation (CRBC) después de meses de negociaciones supone un aporte de solvencia económica y financiera y técnica o profesional que facilitará el acceso a licitaciones de mayor magnitud a nivel internacional.

El ayuntamiento de Oroso a través de su pleno como máximo órgano de representación vecinal se encuentra en la obligación de agradecer la domiciliación de esta importante constructora en nuestro ayuntamiento a lo largo de todos estos años y dar la bienvenida a los nuevos socios empresariales de la compañía.

Propuesta de acuerdo

1) Trasladar de forma oficial al grupo Puentes y Calzadas el reconocimiento de la ciudadanía y de su ayuntamiento por mantener su sede social en Oroso.

2) Trasladar el acuerdo institucional a las asociaciones empresariales y sindicales representativas.

3) Trasladar el acuerdo institucional a los grupos políticos representados en el Parlamento de Galicia.”

O Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

PLENO

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen procede a ler en alta voz o texto da moción.

D. Alexander Doval Expósito (PP) intervén para dicir que o seu grupo vaise abster, xa que logo non ten nada en contra desta empresa pero di que existen outras igual de importantes que merecerían igual recoñecemento, tendo en conta ademáis que a adquisición da empresa por un grupo chino pode levar a que deixen a sede no concello.

Toma a palabra dona Isabel Fernández Gallego (BNG) que di que debería poñerse en valor a lingua galega e coincide en que hai outras empresas que merecerían igual recoñecemento.

A continuación intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) e di que moción está fora de lugar porque deixa fora a moitos pequenos empresarios.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que o concello de Oroso portouse sempre ben con esta empresa, xa que logo vai 15 anos ca aprobación do PXOM legalizouse a situación das naves, existindo boas relacións con esta empresa, pero que existen outras coma Gamesa e Vegalsa que son igual de importantes.

Toma a palabra de novo D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen di que a moción non pretende desmerecer a outras empresas e que en todo caso trátase de agradecer a esta empresa que manteña a súa sede no concello tendo en conta o cambio de accionariado.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: Dous (2 de OR).

Votos en contra: Sete (6 do PSdeG-PSOE; e 1 do BNG).

Abstencións: Catro (4 do PP), rexeita adoptar o acordo contido na moción presentada polo Grupo Municipal de OR anteriormente transcrita.

4.4.-Moción presentada polo grupo municipal de Oroso Renovable para climatizar a piscina municipal.

Dase conta pola Alcaldía da seguinte moción presentada polo Grupo Municipal do OR, que transcríbese literalmente:

PLENO

“ Moción do grupo Oroso Renovable para climatizar a piscina Municipal para incluir no pleno ordinario do 30 de xullo

Exposición de motivos

O Concello de Oroso conta cunha piscina municipal dende o ano 1997, durante todos estes anos veu prestando servizo nos meses de verán como unha alternativa de ocio recreativo.

O Concello de Oroso vén de instalar unha cuberta sobre o vaso da piscina que posibilita e estende o número de días que a instalación pode ser empregada sen necesidade de climatización nos meses centrais do ano.

É o momento de incentivar a asistencia a instalación nos días cubertos ou de choiva para rentabilizar o investimento orzamentario.

Oroso e a zona de influencia máis cercana non contan cunha instalación de piscina climatizada de forma que nos vemos obrigados a desprazarnos a Ordes ou Santiago.

Partindo dunha análise de viabilidade en canto o número de persoas que se poidan abonar de xeito estable a instalación, e dunha análise de custes de suministro do sistema de climatización e custes de mantemento ordinario.

Proposta de acordo

1) Que o Concello de Oroso teña en conta a posibilidade de climatizar a súa piscina para que poida ser empregada os 365 días.

2) Que o Concello de Oroso efectúe as consultas preliminares no mercado para comprobar a viabilidade do investimento.

3) Que o Concello de Oroso xunto con outras administracións acheguen a dotación orzamentaria para levar adiante o investimento.

”

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que por indicación da Secretaría a solicitude non pode ser tratada coma Moción e seres obxecto de votación xa que logo contén acordos de contido económico que teñen que ser obxecto dun expediente, polo que vaiselle dar tratamento de Rogo.

PLENO

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen procede a ler o texto da moción.

A continuación toma a palabra o Alcalde e di que se está traballando para solicitar una subvención para poder facer a obra de climatización.

Posteriormente, toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) que lamenta que a obra de climatización non se poidera facer ao mesmo tempo ca da cuberta e di que habería que considerar ter dous piscinas, unha de verano aberta e outra cuberta.

Finaliza o debate o Alcalde quen di que a obra da piscina fíxose ben e que non é viable para un concello do tamaño de Oroso ter dúas piscinas.

4.5.-Moción presentada polo Oroso Renovable para a rehabilitación do campo da festa da igrexa de Santa Eulalia de Senra.

Dase conta pola Alcaldía da seguinte moción presentada polo Grupo Municipal do OR, que transcríbese literalmente:

“ Moción de Oroso Renovable sobre a reurbanización do campo da igrexa na parroquia de Santa Eulalia de Senra para o seu debate e votación no pleno ordinario do 30 de xullo do 2020

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É unha realidade tanxible do Concello de Oroso no contexto da Comunidade Autónoma que o desenvolvemento económico social levou co paso dos anos a un menor peso da demografía rural.

Dende o Concello de Oroso debemos contribuir a consolidar a poboación rural e as súas actividades; o labradío, a gandeiría e os aproveitamentos forestais nas dimensións correspondentes a cada un destes sectores.

Os ingresos económicos das actividades primarias vense complementados con ingresos procedentes do desempeño no sector secundario e terciario.

As actuacións materiais do Concello de Oroso no ámbito do rural centráronse tradicionalmente en mellorar as súas condicións de habitabilidade enténdanse actuacións de abastecemento de augas,

PLENO

saneamento, iluminación pública, reparación da rede viaria, limpeza de márxenes, recollida de lixo, atender os eventos de reunión veciñal ou as concentracións parcelarias.

Pero é preciso contemplar o rural de Galicia e polo tanto o rural do Concello de Oroso como un espazo etnográfico e cultural que permitiu a pervivencia na longa duración (longue durée acuñado pola historiografía francesa de Fernand Braudel) da identidade do país e facelo compatible co seu desenvolvemento económico e a estabilización da poboación.

Neste contexto os adros e o terreno colindante das igrexas convertíronse nun espazo de reunión social entorno as crenzas espirituais da pobocación e ademais de ser reflexo das paisaxes rurais singulares.

O catálogo de patrimonio arquitectónico incluído no PXOM do Concello de Oroso establece o grao de protección do espazo exterior no ámbito rural para campos de festa, prazas, carballeiras, etc.. nos que se pretenderá conservar o aspecto orixinal dos espazos protexéndoos daquelas instalacións permanentes ou temporais, como iluminación, casetas, postos de venta, palcos de música que non poderán ocupar máis do 10% da superficie total.

Permitiranse obras de conservación, consolidación, restauración, reconstrución e nova planta. Calquera intervención nun elemento así clasificado, deberá realizarse baixo o control da Comisión Territorial de Patrimonio.

A ficha 1.8 do referido catálogo describe a igrexa parroquial de Santa Eulalia de Senra como arquitectura relixiosa de estilo barroco cunha datación aproximada do 1740 para a que establece un grao de protección estrutural e un estado de conservación bo.

A ficha 2.8 describe o cruceiro do campo da festa de Santa Eulalia de Senra de estilo barroco e cunha inscrición na que figura o ano 1798 para o que establece un grao de protección estrutural e do espazo exterior cun estado de conservación regular.

É obxecto desta moción o perímetro que rodea a ficha 2.8 cuxas actuacións deberían centrarse na consolidación dun enlousado homoxéneo co seu entorno combinado co solo natural, a preservación e control das especies autóctonas arbóreas, a delimitación da parcela, ampliación das beirarrúas, o pavimento da vía que atravesa

PLENO

entre a igrexa (ficha 1.8) e o campo da igrexa integrado no seu espazo e por último unha iluminación nocturna que configure vistosidade e modernidade.

Por ser un espazo paisaxístico, social e espiritual singular que forma parte do Catálogo de bens patrimoniais integrado no PXOM do Concello de Oroso

Oroso Renovable proponlle o pleno da corporación votar e acordar:

1) Conceder atención a proposta de rehabilitación do campo da festa da igrexa de Santa Eulalia de Senra

2) Trasladarlle a proposta a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como órgano administrativo autonómico competente no ámbito cultural.

3) Trasladarlle a proposta o Instituto de Estudos do Territorio como órgano administrativo autonómico competente en materia de paisaxe.

4) Trasladarlle a proposta o Arzobispado de Santiago por tratarse dun espazo de valor relixioso.

5) Trasladarlle a iniciativa a asociación de veciños da parroquia de Senra.

6) Iniciar os trámites administrativos coas outras administracións que autoricen a actuación e a colaboren na financiación do proxecto.
”

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que por indicación da Secretaría a solicitude non pode ser tratada coma Moción e seres obxecto de votación xa que logo contén acordos de contido económico que teñen que ser obxecto dun expediente, polo que vaiselle dar tratamento de Rogo.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen procede a ler o texto da moción.

A continuación, toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) que fai fincapé nos problemas que ocasionaría a intervención nunha parcela de titularidade privada.

PLENO

Termina o Sr. Alcalde dicindo que habería que estudar o asunto para asegurar a súa viabilidade e legalidade.

4.6.-Moción presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e polo BNG sobre o Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021.

Dase conta pola Alcaldía da seguinte moción presentada grupos municipais do PSdeG-PSOE e polo BNG, que transcríbese literalmente:

“ MOCIÓN SOBRE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIOS DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Oroso xunto co grupo municipal do PSdeG-PSOE (Socialistas de Oroso), presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a publicación por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia o pasado 14 de xullo do «Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020- 2021», o equipo de goberno do Concello de Oroso manifesta que:

- 1. Ve inconcibible que a Xunta actuase de xeito unilateral elaborando un protocolo do que non se informou aos concellos e no que, aínda por riba, as administracións locais teñen unha gran responsabilidade. A Xunta deixa claro non só un descoñecemento total da realidade dos centros educativos senón tamén que a educación pública non é a súa prioridade.*
- 2. Non se pode asumir o sobrecusto que supón para as arcas municipais as medidas xerais de limpeza dos centros sen modificar o prego vixente. Acometer o protocolo suporía un custo aproximado duns oitenta e un mil euros (81.000 €) anuais.*
- 3. Reclamar á Xunta de Galicia a parte proporcional dos recursos transferidos por parte do Estado destinados a Sanidade e Educación (o Fondo COVID-19 para as comunidades autónomas).*

PLENO

4. O completo desacordo coas medidas sanitarias adoptadas para o inicio do curso escolar, onde se desatende a recomendación da ratio (15 persoas por aula) e dos espazos (metro e medio de distancia de seguridade entre persoas). Chama a atención que a Xunta impuxese unha ratio de 10 nenas e nenos nos campamentos de verán cando estes se prestan maioritariamente ao aire libre, mentres que pola contra en setembro xa se poderán meter 25 nenos por aula (a OMS recoñece que hai contaxio aéreo en sitios pechados e cunha ocupación densa de espazos).

5. Este protocolo implica a ausencia de reforzo e adaptación curricular real pois con estas medidas elimínanse os desdobrementos de grupos, o que afecta á atención á diversidade. Deste xeito os máis prexudicados van ser precisamente os máis necesitados, educativamente faiando.

6. Por outra banda, cómpre modificar os pregos de comedores escolares para adaptalos ás novas necesidades, o que afecta tanto dende o punto de vista sanitario como económico (pois pode ser preciso habilitar máis espazos e/ou varias quendas o que implicaría unha modificación do contrato do persoal).

7. Así mesmo sucede co servizo de «Bos día cole» para madrugadores, onde é preciso modificar todo (espazos, persoal, ratio...).

8. Por último, no caso de que se repita a situación vivida no remate do curso pasado, tendo que recorrer á teledocencia, pregunta quen se fará cargo dos materiais precisos (ordenadores, dispositivos de conexión...) para repartir entre o alumnado que non tivo acceso a estes no pasado curso.

Por todas estas razóns, o BNG e o PSdG-PSOE demanda do Pleno da Corporación municipal os seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta para que retire o «Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021», e que negocie un novo cos axentes implicados.

PLENO

2. *Demandar un reparto proporcional dos recursos do Fondo COVID-19 para as comunidades autónomas.*

”

Toma a palabra dona Isabel Fernández Gallego (BNG) quen defende a urxencia da moción.

O Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

Toma de novo a palabra dona Isabel Fernández Gallego (BNG) quen fai fincapé na necesidade de que a Xunta negocie cos concellos afectados as medidas a adoptar.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen amósase de acordo co contido da moción.

A continuación, toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) que di que a situación sanitaria actual é incerta e que hai moitas posibilidades de que a situación en setembro sexa moi distinta, polo que o borrador de protocolo aínda pode cambiar.

Intervén dona Isabel Fernández Gallego (BNG) quen di que o protocolo aprobado non é un borrador e reitera a necesidade de que a Xunta negocie cos concellos as medidas a adoptar, tendo en conta que a periodicidade das limpezaas plantexadas non son lóxicas e supoñen un custe considerable para os concellos.

De seguido intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) e di que estamos ante un caso de imposición aos concellos de competencias impropias, sen financiamento axeitado e sen ter en conta a súa opinión.

Volve a intervenir D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que o principal e a salvagarda da seguridade sanitaria, sen que se poida asegurar en que condicións vai comezar o curso.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

PLENO

Votos a favor: Sete (6 do PSdeG-PSOE; e 1 do BNG).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Seis (4 do PP; 2 de OR), adopta o acordo contido na moción presentada anteriormente transcrita.

4.7.-Moción presentada polo grupo municipal PSdeG-PSOE e polo BNG para solicitar a derogación da lei Montoro e a utilización de remanentes e superávit por parte das Entidades Locais.

Dase conta pola Alcaldía da seguinte moción presentada grupos municipais do PSdeG-PSOE e polo BNG, que transcríbese literalmente:

“O Grupo Municipal dos Socialistas e o Grupo do BNG de Oroso de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

MOCIÓN SOBRE A DERROGACIÓN DA LEI MONTORO E A UTILIZACIÓN DE REMANENTES E SUPERAVIT POR PARTE DAS ENTIDADES LOCAIS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Oroso xunto co grupo municipal do PSdeG-PSOE (Socialistas de Oroso), presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

Os concellos de toda España levamos moitos anos a padecer o impedimento á utilización de fondos incluídos como remanentes e que se foron orixinando polos superávits desde a coñecida lei Montoro do 2012, na que se fixaba unha regra de gasto que limitaba o gasto anual de cada municipio.

Esta lei, amplamente criticada por tódolos partidos políticos do estado, comprometéndose case todos eles a eliminala, é o momento de que aqueles concellos que temos acumulado o remanente desde a entrada en vigor da citada lei e o superávit do pasado exercicio puídamos facer uso dos mesmos.

Nos preocupa as decisións que se puidan tomar e o atraso que-pode significar para o noso concello e entendemos que os cartos das administracións locais son dos concellos e dos cidadáns.

PLENO

Por iso instamos á FEGAMP, FEMP e o Goberno do Estado a:

1. *Derogar urxentemente a Lei Montoro para devolver ás Entidades Locais un total aproveitamento dos recursos e aforros, tanto no que se refire á regra de gasto como á utilización dos Remanentes de tesorería e o Superavit.*

2. *O aproveitamento destes recursos na súa totalidade así como destinalos a inversión e actuacións que vaian en beneficio da veciñanza, pois entendemos que somos os concellos os que coñecemos as maiores necesidades.*

”

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) e remítese a argumentación exposta na moción presentada polo grupo do PP sobre o mesmo tema.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen reivindica que se cambie a lei para permitir aos concellos gastar o Remanente Líquido de Tesouraría.

A continuación, toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen manifesta que o contido da moción e sustancialmente igual á presentada polo seu grupo, e anuncia que vai votar a favor aínda tendo en conta que o texto da moción lle foi entregada ao seu grupo apenas sen tempo para examinala a primeira hora da mañá.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), adopta o acordo contido na moción presentada anteriormente transcrita.

PLENO

4.8.-Moción presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, PP e OR para o outorgamento da medalla de ouro do concello á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

Dase conta pola Alcaldía da seguinte moción presentada grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, PP e OR, que transcríbese literalmente:

“ O Grupo Municipal dos Socialistas, Grupo do BNG de Oroso , Grupo do Partido Popular de Oroso e Grupo de Oroso Renovable de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os derradeiros meses estamos a sufrir a maior crise sanitaria e socioeconómica, a derivada do COVID-19; esta difícil situación provoca a adopción de medidas de confinamento social, e doutras que inciden directamente no noso modo de vida; medidas imprescindibles para lograr, dunha vez, a contención desta pandemia.

O Concello de Oroso non é alleo á realidade social, estando, dende o primeiro intre, traballando, como sempre, para a nosa veciñanza; neste arduo traballo a Corporación Local e os veciños e veciñas de Oroso, contaron coa colaboración e apoio dos membros da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

Polo exposto, propoñemos ó resto dos grupos políticos municipais levar a cabo o recoñecemento expreso a este traballo da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Oroso, a través do outorgamento da medalla de Ouro do concello

”

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

Toma a palabra o Alcalde e defende a necesidade do recoñecemento do concello á Asociación de Protección Civil.

PLENO

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen amósase de acordo co contido moción.

A continuación, toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen abonda na xustiza da moción plantexada.

Unha vez rematadas as intervencións, toma a palabra o secretario accidental para indicar que o contido do acordo debería modificarse, tendo en conta que a concesión proposta require a previa tramitación dun expediente administrativo tendo en conta o Regulamento de Honras e distincións do concello, polo que unicamente procedería acordar solicitar o inicio dos trámites para a concesión da devandita medalla.

O Alcalde, tendo en conta a advertencia da secretaría propón ao Pleno modificar o contido do pronunciamento da moción do seguinte xeito:

“Propoñemos ó resto dos grupos políticos municipais levar a cabo o recoñecemento expreso e este traballo da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Oroso, aprobando solicitar o inicio dos trámites para a concesión da medalla de ouro á devandita asociación.”

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción coa modificación proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), adopta o seguinte acordo:

“Levar a cabo o recoñecemento expreso e este traballo da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Oroso, aprobando solicitar o inicio dos trámites para a concesión da medalla de ouro á devandita asociación.”

4.9.-Moción presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e PP para a creación da Xunta de Portavoces.

Dase conta pola Alcaldía da seguinte moción presentada grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e PP, que transcríbese literalmente:

PLENO

“O Grupo Municipal dos Socialistas, Grupo do BNG de Oroso e Grupo do Partido Popular de Oroso de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**MOCIÓN*

O Concello de Oroso carece no seu funcionamento interno dunha Xunta de Portavoces; polo que propoñemos se acorde levar a cabo tódolos trámites precisos para proceder a súa constitución.

”

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) que di que en principio amósase de acordo co contido moción sempre en cando non comporte maior gasto para o concello pola percepción de axudas de custo e se poidan celebrar telematicamente as sesións.

Resposta o Alcalde e di que hai que dignificar a política e non facer demagogia con estes temas, xa que logo as percepcións que recibirían os asistentes son poucas e en todo caso retribuese a preparación do asuntos. Non se amosa de acordo na celebración telemática xa que non é operativa.

A continuación, toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen di que unha Xunta de Portavoces sería de utilidade para coordinar a acción dos grupos políticos e formalizar algo que na actualidade xa a estar a funcionar de xeito informal.

Unha vez rematadas as intervencións, toma a palabra o secretario accidental para advertir que a creación dun órgano complementario coma a Xunta de Portavoces proposta é posible unicamente modificando o Regulamento orgánico do concello, tramitando o expediente correspondente no que debe especificarse cales son as competencias do novo órgano que en todo caso serán diferenciadas ás

PLENO

de os outros órganos colexiados existentes coma as Comisións informativas.

O Alcalde, tendo en conta a advertencia da secretaría, aclara que unicamente vaise acordar iniciar os trámites, e da por rematado o debate sometendo a moción proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos),

Abstencións: : dous (2 de OR) adopta adopta o acordo contido na moción presentada anteriormente transcrita.

5.-Rogos e preguntas.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen roga que se teña en consideración a modificación da normativa da Escola Infantil municipal para outorgamento de prazas no aspecto da puntuación outorgada polo empadramento, xa que estima que poder ser lesiva para moitos usuarios.

O Alcalde concede a palabra a dona Isabel Fernández Gallego (BNG), concelleira delegada de Ensino que di que é unha obriga que os membros da unidade familiar estean empadroados no concello de Oroso, tendo en conta a obriga legal de empadroarse no municipio onde se resida a maior parte do ano.

Toma de novo a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen roga que se leve a cabo a reparación do vial da Ponte Carreira que está en malas condicións, alomenos na parte que corresponde ao concello de Oroso.

Resposta o Alcalde que xa existe un proxecto que será executado en breve.

Intervén de novo D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen roga que se tomen as medidas oportunas para solucionar os problemas que ocasionan unha banda de estornións na zoa da rúa Ourense.

No turno de preguntas interesase D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) pola redacción do Plan Económico Financeiro do concello pendente, pola Senda de Marzoa e pregunta á concelleira dona Isabel Fernández Gallego (BNG) se á vista do acontecido na obra do Centro Cultural vai seguir apoiando ao grupo de Goberno.

PLENO

O Alcalde resposta que na Senda de Marzoa hai problema cos títulos de concentración parcelaria.

A continuación toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) que fai os seguintes rogos:

Que se tomen as medidas oportunas para adecentar o terreo municipal onde está o depósito de gas que está cheo de maleza.

Que se resolva o problema ca limpeza do Local Social de Senra.

Que arránxense as baldosas soltas na Rúa do Portiño á altura do número 12.

Que se resolva o problema de falta de barandas na baixada a un garaxe na Rúa do Portiño número 9.

Que se tomen as medidas oportunas para resolver a falta de auga no cemiterio de San Román de Pasarelos.

Que se tomen as medidas oportunas para impulsar a cobertura de Internet nas parroquias.

Por último, que no rebacheo das pistas municipais se revise o traballo feito xa que logo é deficiente ao seu entender.

No turno de preguntas D. Alexander Doval Expósito (PP) interesa saber se hai algún avance no tema da obra do Centro Cultural.

O Alcalde resposta que non hai ningunha noticia á espera do informe do Consello Consultivo para resolver o contrato.

E non existindo máis rogos e preguntas ao equipo de goberno, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 11:50 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario accidental dou fe.

Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde e polo Secretario accidental do Concello.